

INSCRICIÓN E MATRICULA

NOS CICLOS DE **GRAO SUPERIOR 2010-11**

Cada solicitante presentará unha única instancia.

O **prazo ordinario** de **presentación das solicitudes** será desde o día **17 de xuño ata o día 2 de xullo**, ambos os dous incluídos, para todo o alumnado que teña superado o bacharelato no curso 2009-2010 ou o superase en cursos anteriores ou teña superada a proba de acceso.

O **prazo extraordinario** de **presentación de solicitudes** será desde o día **1 ao 13 de setembro**, ambos os dous incluídos, para o alumnado que supere o Bacharelato na convocatoria de setembro.

Quen presente a solicitude no prazo ordinario terá preferencia sobre os que a presenten no prazo extraordinario.

ATENCIÓN: A RESERVA DE PRAZA FARASE NO CENTRO ESCOLLIDO COMO PRIMEIRA OPCIÓN.

PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA: FASE ORDINARIA DE XULLO.

Os centros farán pública o día **7 de xullo** a **relación provisional** de persoas solicitantes, ordenada alfabeticamente con indicación da puntuación acadada e das opcións priorizadas. Nese momento é cando se pode reclamar se non se está de acordo. Esta prazo de reclamación é ata o día 13 de xullo ás 13.00 h.

O día 19 de xullo farase pública a listaxe definitiva de solicitantes.

O día **20 de xullo publicarase a relación de admitidos en cada ciclo formativo de grao superior.**

No prazo que abrangue desde o día **20 ao día 23 de xullo deberase matricular o alumnado admitido en cada ciclo.**

Igualmente neste prazo o alumno que non queira a praza adxudicada ten que **renunciar**. O feito de renunciar á adxudicación dunha praza é condición indispensable para quedar en lista de espera das opcións anteriores. Os solicitantes admitidos que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado, perderán o dereito á súa praza e, nese caso, procederase á súa escolarización ao final do proceso, se houber vacantes.

O **27 de xullo** publicarase unha segunda adxudicación de admitidos. Do **27 de xullo ao 30** será o **prazo establecido para que este alumnado se matricule.**

PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA: FASE EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.

Para o alumnado que aprobe o **Bacharelato en setembro** establececese o seguinte período de adxudicación e matrícula.

Os centros farán pública o día **15 de setembro** a **relación provisional** de persoas solicitantes, ordenada alfabeticamente con indicación da puntuación acadada e das opcións priorizadas. Nese momento é cando se pode reclamar se non se está de acordo. O prazo de reclamación é ata o día 17 de setembro ás 13.00 h.

O día **21 de setembro publicarase a relación de admitidos**

No prazo que abrangue desde o día **21 ao día 24 de setembro deberase matricular o alumnado admitido neste adxudicación**

Logo elaborárase unha nova relación de alumnado en cada ciclo formativo de grao superior, na que se adxudicarán as prazas non cubertas polas persoas admitidas na fase anterior, coas persoas solicitantes en orde decrecente de puntuación. **O calendario para a publicación desta nova relación de persoas admitidas, co correspondente prazo de matrícula é o seguinte:**

Fase de adxudicación	Data de publicación da relación de persoas adxudicadas	Prazo de matrícula
2ª Extraordinaria	28 de setembro	Do 28 de setembro ata o día 1 de outubro (ata as 14:00h)

Se logo de rematado o proceso anterior, existisen prazas vacantes e non houbera lista de espera, liberáranse as prazas para o alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso. Os centros efectuarán a matrícula por estrita orde de chegada das solicitudes. O proceso de matriculación neste réxime rematará o día 8 de outubro.

Información obtida da:

Resolución do 11 de xuño de 2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas para o curso académico 2010-2011.

PAXINA WEB MOI IMPORTANTE PARA CONSULTAR TODA A INFORMACIÓN REFERIDA A CICLOS

www.edu.xunta.es/fp/

Páxina da Consellería de Educación onde se recolle toda a información sobre os ciclos formativos, tanto de grao medio como superior, probas de acceso, reserva de praza, datas e prazos de preinscripción e matrícula, ciclos formativos existentes, centros onde se imparten... Páxina moi interesante

IMPORTANTE:

A persoa solicitante que indique un número de **teléfono móbil** na solicitude de admisión ao primeiro curso de ciclos formativos polo réxime ordinario recibirá unha comunicación vía SMS en que se lle indicará o centro e o ciclo adxudicados, e o prazo en que deberá formalizar a matrícula correspondente. Esta comunicación terá carácter simplemente informativo e non substituirá a notificación oficial no xeito establecido nesta resolución.